O docente utilizará cuestionarios, a observación, o diálogo co alumnado, a análise das súas intervencións orais e escritas e o intercambio de impresións con outros profesores/as. Deste xeito, esta avaliación permitirá detectar posibles atrancos, centros de interese e motivacións do alumnado, así como tomar as decisións oportunas para axustar o proceso de ensino-aprendizaxe aos coñecementos previos do alumnado e adoptar as medidas oportunas de cara á planificación da dinámica da aula.

Así mesmo, en cada unidade didáctica partírase dunha primeira aproximación aos coñecementos previos do alumnado sobre os contidos a tratar na mesma, coa finalidade de detectar calquera dificultade e poder reforzala dende o principio.

### 8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

No suposto de que algún/a alumno/a non responda globalmente, reunirase o equipo docente do ciclo formativo, e de forma coordinada adoptaranse as medidas oportunas.

Estas medidas poden consistir con carácter xeral en:

- Propoñer diversas actividades diferenciadas en grao de dificultade e complexidade para traballar o mesmo contido, garantindo sempre a adquisición dos mínimos esixibles.

- Para ó alumnado que o precise, repetición individualizada dalgunhas explicacións, adaptación do material para a súa comprensión e reforzo dos logros como elementos de motivación.
- Adaptación aos ritmos e tempos tanto do grupo como individuais, axustando a temporalización das unidades de traballo.
- Cando o profesor considere necesario poderá ampliar o prazo de realización e entrega de tarefas para o alumnado que presenten dificultades.
- Ter en conta os intereses do alumnado sen perder de vista a funcionalidade das aprendizaxes.
- Crear un ambiente de traballo cooperativo e de axuda mutua.

## 9. Aspectos transversais

### 9.a) Programación da educación en valores

Transmitiranse todos aqueles valores cívicos e éticos que fagan que os alumnos teñan unha maior conciencia como cidadáns e, por outra banda, que saiban comportarse de xeito adecuado no mundo profesional. Fomentaranse as actitudes de respecto cara as persoas, sexa cal sexa a súa condición social, sexual, racial ou as súas crenzas, valorando o pluralismo e a diversidade.

### 9.b) Actividades complementarias e extraescolares

As actividades complementarias realizaranse durante o horario escolar e serán de obrigada asistencia para o alumnado. Consistirán na asistencia a conferencias, recollida de información en empresas e organismos públicos, etc., organizados no propio departamento de Construción ou pola dirección do centro.

As actividades extraescolares estarán organizadas fora do horario escolar, en horas previamente fixadas pola dirección do centro e aprobadas polo consello escolar. Consistirán na realización de visitas a empresas e organismos, a obras e a feiras e exposicións relacionadas co entorno produtivo, etc.

Os dous tipos de actividades axudarán o alumno a unha mellor comprensión dos coñecementos que se imparten na aula e do entorno produtivo no que se moverán no futuro.

## 10. Outros apartados

### 10.1) Secuencia

O inicio de curso, explicarase ó alumnado en que consiste o módulo, as unidades didácticas que se tratarán, os criterios de avaliación así como a metodoloxía para levar a cabo a mesma.

Remitirase o alumnado á aula virtual do centro para que poidan consultar a programación completa (versión do alumnado) aquelas persoas que o desexen.

A continuación indícanse as actuacións en caso de formación non presencial:

- Formación semi-presencial:

Combinarase a impartición dos contidos de maneira telemática, para o cal o alumnado que quede no domicilio debe seguir as clases e acceder ó material e actividades a través de diferentes medios (correo electrónico e/ou moodle e/ou abalar e/ou G Suite e/ou Webex e/ou outros); Xunto co aproveitamento de clases presenciais para a corrección de exercicios e aclaración de dúbidas así como a realización das probas



**ANEXO XIII**  
**MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

escritas, estando estas últimas programadas e datadas, incluso organizadas por quendas segundo as circunstancias o requiren. A asistencia ás clases virtuais é obrigatoria e está prohibido gravar as sesións.

Manteranse os mínimos exixibles máis os criterios de cualificación indicados na programación para a formación presencial (indicado ó longo desta programación).

- En caso de formación a distancia:

A impartición dos contidos será de maneira telemática, para o cal o alumnado debe seguir as clases e acceder o material, actividades e probas a través de diferentes medios (correo electrónico e/ou moodle e/ou abalar e/ou G Suite e/ou Webex e/ou outros).

Todo o alumnado debe asistir ás clases virtuais na hora de clase e a través da plataforma elixida polo centro; De non cumprirse, terá a consideración de falta de asistencia e indicarse como tal no programa Xade.

Non está permitida a gravación das sesións, sendo causa de apertura de expediente disciplinario ás persoas involucradas. Puntualizar que o mesmo acontece ca gravación das clases presenciais.

Manteranse os mínimos exixibles máis os criterios de cualificación indicados na programación para a formación presencial (indicado ó longo desta programación).



**1. Identificación da programación**
**Centro educativo**

Código	Centro	Concello	Ano académico
36019529	Ribeira do Louro	Porriño (O)	2023/2024

**Ciclo formativo**

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
IEX	Industrias extractivas	CMIEX01	Pedra natural	Ciclos formativos de grao medio	Réxime de adultos

**Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)**

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesiós semanais	Horas anuais	Sesiós anuais
MP0892	Coñecemento e extracción de pedra	2023/2024	5	133	159

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

**Profesorado responsable**

Profesorado asignado ao módulo	ANDRÉS BOUZA CERECEDO
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

## 2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

A competencia xeral do título de Técnico en Pedra Natural consiste en extraer e elaborar pedra natural segundo as técnicas e procesos establecidos, así como en colocala e restaurala, manexando e mantendo ferramentas e maquinaria, cumprindo cas especificacións de calidade, seguridade laboral e protección ambiental.

Estes titulados exercerán a súa actividade profesional como autónomos ou como traballadores por conta allea en empresas xeralmente privadas, de tamaño pequeno, mediano ou grande, de pedra natural ou de construción. Así mesmo, pode exercer a súa actividade en talleres de carácter artesanal e artístico. Desenvolve funcións de carácter técnico, cumprindo ordes e alcanzando obxectivos marcados por técnicos dun nivel superior, dos que recibe instrucións e os cales informa.

As ocupacións e postos de traballo máis relevantes son os seguintes:

- Canteiro.
- Operador de maquinaria de arranque e conformado de bloques.
- Elaborador de sillería.
- Operador de maquinaria de control numérico de pedra natural.
- Operador torneiro-fresador de pedra.
- Operador de máquina cortadora de pedra natural.
- Operador de máquinas para elaborar pezas.
- Operador de máquina para labrar pedra.
- Operador de máquina pulidora de rocas.
- Operador de máquina para tratamento superficial físico de pedra.
- Tallador, labrador e raxador de pedra natural.
- Operador de tratamentos químicos para pedra.
- Embalador/empaquetador/etiquetador.
- Colocador de conxuntos artesanais de pedra natural.
- Colocador de placas.
- Colocador de fachadas ventiladas.
- Pulidor-abrillantador de chans.
- Marmorista da construción.
- Traballador cualificado en mantemento e restauración de pedra natural.
- Traballador especialista na realización de plantillas, moldes, modelos e maquetas para traballos de pedra natural.

A formación do módulo contribúe a alcanzar os obxectivos xerais:

- a) Manexar a maquinaria de arranque de bloques de pedra natural, caracterizando as técnicas de extracción e conformado, para arrancar e conformar bloques de pedra natural.
- m) Describir a organización dos traballos, relacionándoa con protocolos de calidade e seguridade, para preparar e realizar o mantemento de primeiro nivel da maquinaria e ferramentas.

- n) Analizar e utilizar os recursos existentes para a aprendizaxe o longo da vida e as tecnoloxías da información e a comunicación para aprender e actualizar os seus coñecementos, recoñecendo as posibilidades de mellora profesional e persoal, para adaptarse a diferentes situacións profesionais e laborais.
- ñ) Desenvolver traballos en equipo e valorar a súa organización, participando con tolerancia e respecto, e tomar decisións colectivas ou individuais para actuar con responsabilidade e autonomía.
- o) Adoptar e valorar solucións creativas ante problemas e continxencias que se presentan no desenrolo dos procesos de traballo, para resolver de forma responsable as incidencias da súa actividade.
- p) Aplicar técnicas de comunicación, adaptándose aos contidos que se van a transmitir, a súa finalidade e as características dos receptores, para asegurar a eficacia do proceso.
- q) Analizar os riscos ambientais e laborais asociados a actividade profesional, relacionándoos coas causas que os producen, a fin de fundamentar as medidas preventivas que se van adoptar, e aplicar os protocolos correspondentes para evitar danos nun mesmo, nos demais, no entorno e no medio ambiente.
- s) Aplicar e analizar as técnicas necesarias para mellorar os procedementos de calidade de traballo no proceso de aprendizaxe e do sector produtivo de referencia.

**3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha**

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)	Resultados de aprendizaxe				
					89200				
					RA 1	RA 2	RA 3	RA 4	RA 5
1	Formación en empresa.	Formación curricular que se adquirirá na empresa.	48	30		X	X	X	X
2	Clasificación e coñecemento das rochas	Clasificación das rochas según orixe, coñecemento das principais rochas ornamentais en España e Galicia e descrición das distintas propiedades da pedra natural	22	15	X				
3	Técnicas de extracción de pedra natural	Caracterización de factores que afectan as explotacións, diferenciación de tipos de explotacións, secuencia da metodoloxía de explotación dunha canteira	22	13		X			
4	Medios de arranque y corte de bloques	Descrición, coñecemento, programación, posta en marcha e mantemento de maquinaria de arranque mecanizado e corte de bloques	22	15			X		
5	Perforacións e voaduras	Descrición, coñecemento, operativa e mantemento de maquinaria de perforación. Introducción das voaduras mediante barrenos.	22	12				X	
6	Conformado de bloques	Caracterización de técnicas de subdivisión e escuadramento	23	15					X
Total:			159						

**4. Por cada unidade didáctica**
**4.1.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
1	Formación en empresa.	48

**4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Caracteriza e aplica as técnicas de extracción de pedra natural, tendo en conta a relación entre a maquinaria de corte e perforación e o arranque ou a voadura de bloques de pedra natural	NO
RA3 - Realiza o corte de bloques con técnicas e maquinaria de arranque mecanizado, e describe o proceso en función das características da explotación e da maquinaria	SI
RA4 - Prepara e realiza as perforacións para o arranque de bloques de pedra natural, tendo en conta a relación entre as especificacións técnicas e a secuencia das operacións que se vaian realizar	SI
RA5 - Conformar o bloque de pedra natural, caracterizando as técnicas de subdivisión e escuadrado que se vaian utilizar	SI

**4.1.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica**

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Interpretar aspectos relacionados con Coñecemento e extracción de pedra	1	Actividades na empresa.	48,0
<b>TOTAL</b>			<b>48</b>

**4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA2.4 Establecese a secuencia da metodoloxía de explotación de pedra natural	<ul style="list-style-type: none"> <li>LC.1 - LCE-Tarefas realizadas na empresa</li> </ul>	N	3
CA2.5 Marcáronse os planos de corte sobre a masa de pedra, recoñecendo as díctilas e os planos de despegamento da pedra natural	<ul style="list-style-type: none"> <li>LC.2 - LCE-Tarefas realizadas na empresa</li> </ul>	S	3
CA2.6 Fíxose a implantación da situación, a dirección e a inclinación de barrenos para o paso do fio diamantado	<ul style="list-style-type: none"> <li>LC.3 - LCE-Tarefas realizadas na empresa</li> </ul>	N	3

**ANEXO XIII  
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exigibles	Peso cualificación (%)
CA2.7 Preparouse a maquinaria e os medios de extracción de pedra natural	● LC.4 - LCE-Tarefas realizadas na empresa	S	5
CA2.8 Seleccionáronse os bloques ou rachóns que se vaian utilizar e colaborouse no transporte	● LC.5 - LCE-Tarefas realizadas na empresa	S	3
CA2.9 Aplicáronse as normas de prevención de riscos laborais e de protección ambiental nos traballos de extracción de pedra natural	● LC.6 - LCE-Tarefas realizadas na empresa	S	3
CA3.1 Nivelouse o terreo onde se sitúa a maquinaria segundo a dirección de corte e colocouse a maquinaria	● LC.7 - LCE-Tarefas realizadas na empresa	S	3
CA3.2 Programáronse as máquinas de corte axustando os seus parámetros á natureza da rocha	● LC.8 - LCE-Tarefas realizadas na empresa	S	3
CA3.3 Realizáronse tradeaduras de paso do fío diamantado, logrando a conexión entre eles	● LC.9 - LCE-Tarefas realizadas na empresa	S	5
CA3.4 Instaláronse redes de abastecemento de auga e eléctricas en cada caso	● LC.10 - LCE-Tarefas realizadas na empresa	N	3
CA3.5 Operouse coa maquinaria de corte	● LC.11 - LCE-Tarefas realizadas na empresa	S	5
CA3.6 Substituíuse o material e os utensilios de corte, seguindo os manuais de uso	● LC.12 - LCE-Tarefas realizadas na empresa	S	3
CA3.7 Preparouse e colaborouse na separación e no abateamento dos bloques primarios	● LC.13 - LCE-Tarefas realizadas na empresa	S	3
CA3.8 Realizouse o mantemento de primeiro nivel da maquinaria de arranque mecanizado, seguindo as instrucións do manual de mantemento	● LC.14 - LCE-Tarefas realizadas na empresa	S	3
CA3.9 Aplicáronse as normas de prevención de riscos laborais e de protección ambiental	● LC.15 - LCE-Tarefas realizadas na empresa	S	3
CA4.1 Caracterizouse a secuencia de extracción segundo a maquinaria e o tipo de rocha	● LC.16 - LCE-Tarefas realizadas na empresa	S	3
CA4.2 Preparouse a maquinaria de perforación	● LC.17 - LCE-Tarefas realizadas na empresa	S	3
CA4.3 Prevíronse planos de precorte con aliñamentos de barrenos para disparo secuenciado, con detonadores de retardo, no caso de voaduras	● LC.18 - LCE-Tarefas realizadas na empresa	S	5
CA4.4 Comprobase que o plano de corte coincida co plano desexado de despegamento do bloque primario	● LC.19 - LCE-Tarefas realizadas na empresa	N	3
CA4.5 Dispuxéronse os barrenos aproveitando os cortes naturais das rochas, de ser oportuno, segundo o sistema de arranque	● LC.20 - LCE-Tarefas realizadas na empresa	S	5
CA4.6 Realizáronse as tradeaduras seguindo os esquemas de perforación	● LC.21 - LCE-Tarefas realizadas na empresa	S	3

**ANEXO XIII  
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

Cráterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA4.7 Realízouse o mantemento de primeiro nivel da maquinaria de perforación, seguindo as instrucións do manual de mantemento	• LC.22 - LCE-Tarefas realizadas na empresa	S	3
CA4.8 Aplicáronse as normas de prevención de riscos laborais e de protección ambiental	• LC.23 - LCE-Tarefas realizadas na empresa	S	3
CA5.1 Estableceuse a secuencia das operacións de subdivisión de bloques, identificando os planos de corte e exfoliación	• LC.24 - LCE-Tarefas realizadas na empresa	S	3
CA5.2 Estableceuse o bloque e a maquinaria para o conformar	• LC.25 - LCE-Tarefas realizadas na empresa	N	3
CA5.3 Preparouse e utilizouse maquinaria para conformar e subdividir o bloque	• LC.26 - LCE-Tarefas realizadas na empresa	S	3
CA5.4 Preparouse e utilizouse maquinaria para escuadrar o bloque	• LC.27 - LCE-Tarefas realizadas na empresa	S	3
CA5.5 Clasificáronse e marcáronse os bloques para o seu almacenamento e a súa expedición	• LC.28 - LCE-Tarefas realizadas na empresa	S	3
CA5.6 Realízouse o mantemento de primeiro nivel da maquinaria de conformación	• LC.29 - LCE-Tarefas realizadas na empresa	S	3
CA5.7 Aplicáronse as normas de prevención de riscos laborais e de protección ambiental	• LC.30 - LCE-Tarefas realizadas na empresa	S	3
<b>TOTAL</b>			<b>100</b>

**4.1.e) Contidos**

Contidos
<p>Metodoloxía de explotación de pedra natural.</p> <p>Planos de corte. Recoñecemento de diáclases. Planos de despegamento.</p> <p>Barrenos para o paso do fío diamantado. Implantación da posición, a dirección e a inclinación.</p> <p>Maquinaria de extracción de pedra natural. Medios necesarios e equipamentos en cada método. Vantaxes e desvantaxes de cada método. Preparación da maquinaria.</p> <p>Selección do bloque. Transporte de bloques.</p> <p>Normas de prevención de riscos laborais e de protección ambiental na extracción de pedra natural.</p> <p>Colocación da maquinaria: nivelación do terreo segundo a dirección de corte. Colocación sobre carrís.</p>

**Contidos**

0 Separación e abatemento do bloque primario: procedemento de despegamento e abatemento.

Mantemento de primeiro nivel de maquinaria de arranque mecanizado.

Normas de prevención de riscos laborais e de protección ambiental.

Programación da maquinaria de corte. Parámetros de corte en función da natureza da rocha.

Trades de paso do fio diamantado. Perforadoras, martelos picadores, etc. Técnicas de perforación. Barrenos verticais e horizontais. Utensilios. Práctica operativa e parámetros de uso.

Redes de abastecemento de auga, enerxía eléctrica e aire comprimido.

Operación con maquinaria de corte e substitución de material e utensilios de corte.

Equipamentos de corte con fio: programación e preparación; unións do fio; utensilios e consumibles; substitución de material e utensilios de corte; práctica operativa e parámetros de uso.

Rozadoras de brazo: cambios de elementos de corte e cadea; refrixeración; utensilios e consumibles; práctica operativa e parámetros de uso.

Equipamentos de corte con disco: tipos de disco; cambio do disco; refrixeración, utensilios e consumibles; práctica operativa e parámetros de uso.

Lanzas térmicas, equipamentos de chorro de auga, cuñas manuais e hidráulicas: utensilios e consumibles; práctica operativa e parámetros de uso.

Secuencia de extracción. Clases de esquemas de perforación.

0 Mantemento de primeiro nivel de maquinaria de arranque mecanizado.

Normas de prevención de riscos laborais e de protección ambiental nos traballos de perforación.

Equipamentos e maquinaria de perforación: características e práctica operativa.

Barrenado para sondaxes de po ou de testemuño: maquinaria.

Barrenado para voaduras.

Técnicas e maquinaria de barrenado. Barrenado manual e mecánico: perforadoras múltiples.

Diámetro dos barrenos. Espazamento. Utensilios de corte.

Plano de corte e plano de despegamento. Precorte.

Implantacións dos barrenos. Técnicas de barrenado. Disposición de barrenos.

Realización de tradeaduras. Esquema de perforación vertical e horizontal.

Contidos
Operacións de subdivisión de bloques. Estabilización do bloque e da maquinaria. Maquinaria para conformar bloques. Escuadramento do bloque: maquinaria. Clasificación e marcaxe de bloques: criterios de clasificación, control de calidade de produtos de cantaría, e normas e estándares de calidade. Medición de bloques. Mantemento de primeiro nivel da maquinaria de arranque conformado. Normas de prevención de riscos laborais e de protección ambiental nos traballos de conformación.

**4.1.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación**

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Actividades na empresa. - Actividades que se desenvolverán na empresa.		<ul style="list-style-type: none"> <li>• Observación e asimilación da secuencia de explotación dunha cantería de pedra natural</li> <li>• Observación para determinar direccións da rocha e planos de corte.</li> <li>• Preparación e uso de maquinaria de extracción: perforación, corte, volcado...</li> <li>• Preparación e uso de maquinaria de subdivisión e escuadrado de bloques.</li> <li>• Realización de mantemento de primeiro nivel en todo tipo de maquinarias presentes na explotación</li> <li>• Aplicación de normas de prevención e ambientais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Bloques extraídos da bancada seguindo directrices do persoal titor na empresa</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Equipos de protección individual para labores de extracción e corte de bloques</li> <li>• Maquinaria utilizada pola empresa para extracción e corte de bloques</li> <li>• Medidas de prevención e protección colectiva da empresa</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• LC.1 - LCE-Tarefas realizadas na empresa</li> <li>• LC.2 - LCE-Tarefas realizadas na empresa</li> <li>• LC.3 - LCE-Tarefas realizadas na empresa</li> <li>• LC.4 - LCE-Tarefas realizadas na empresa</li> <li>• LC.5 - LCE-Tarefas realizadas na empresa</li> <li>• LC.6 - LCE-Tarefas realizadas na empresa</li> <li>• LC.7 - LCE-Tarefas realizadas na empresa</li> <li>• LC.8 - LCE-Tarefas realizadas na empresa</li> </ul>	48,0



**ANEXO XIII  
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
					<ul style="list-style-type: none"> <li>● LC.9 - LCE-Tarefas realizadas na empresa</li> <li>● LC.10 - LCE-Tarefas realizadas na empresa</li> <li>● LC.11 - LCE-Tarefas realizadas na empresa</li> <li>● LC.12 - LCE-Tarefas realizadas na empresa</li> <li>● LC.13 - LCE-Tarefas realizadas na empresa</li> <li>● LC.14 - LCE-Tarefas realizadas na empresa</li> <li>● LC.15 - LCE-Tarefas realizadas na empresa</li> <li>● LC.16 - LCE-Tarefas realizadas na empresa</li> <li>● LC.17 - LCE-Tarefas realizadas na empresa</li> <li>● LC.18 - LCE-Tarefas realizadas na empresa</li> <li>● LC.19 - LCE-Tarefas realizadas na empresa</li> <li>● LC.20 - LCE-Tarefas realizadas na empresa</li> <li>● LC.21 - LCE-Tarefas realizadas na empresa</li> <li>● LC.22 - LCE-Tarefas realizadas na empresa</li> <li>● LC.23 - LCE-Tarefas realizadas na empresa</li> <li>● LC.24 - LCE-Tarefas realizadas na empresa</li> <li>● LC.25 - LCE-Tarefas realizadas na empresa</li> </ul>	

**ANEXO XIII  
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
					<ul style="list-style-type: none"> <li>• LC.26 - LCE-Tarefas realizadas na empresa</li> <li>• LC.27 - LCE-Tarefas realizadas na empresa</li> <li>• LC.28 - LCE-Tarefas realizadas na empresa</li> <li>• LC.29 - LCE-Tarefas realizadas na empresa</li> <li>• LC.30 - LCE-Tarefas realizadas na empresa</li> </ul>	
<b>TOTAL</b>						<b>48,0</b>

**4.2.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
2	Clasificación e coñecemento das rochas	22

**4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Clasifica as rochas, tendo en conta a relación entre as súas características e as aplicacións da pedra natural	SI

**4.2.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica**

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Clasificar as rochas como ígneas, metamórficas e sedimentarias. 1.2 Caracterizar as rochas	1	Clasificación e caracterización de rochas	3,0
2.1 Clasificar as pedra naturais utilizadas como rocha ornamental en función da súa importancia.	2	Pedra natural en España e Galicia	8,0

**ANEXO XIII  
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
2.2 Identificar os principais mármore, lousas e granitos en España enumerando os depósitos principais.			
2.3 Identificar as principais pedras naturais en Galicia enumerando os depósitos principais.			
3.1 Describir e caracterizar as propiedades comúns da pedra natural.	3	As propiedades que caracterizan as rochas	7,0
3.2 Describir e caracterizar as características diferenciais das rochas utilizadas en construción.			
3.3 Realizar e observar a realización de ensaios para avaliar as propiedades da pedra natural.			
3.4 Distinguir as normas de calidade dos distintos produtos de pedra natural.			
4.1 Describir os usos de cada tipo de pedra natural.	4	Usos da pedra natural	4,0
4.2 Identificar os grupos de pedras usadas en cantería.			
4.3 Caracterizar os s tipos de traballos de cantería.			
<b>TOTAL</b>			<b>22</b>

**4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA1.1 Caracterizáronse as rochas e clasificáronse como ígneas, metamórficas e sedimentarias	• LC.1 - LC1-Manexo de rochas e realización de ensaios de forma correcta.	S	10
CA1.2 Identificáronse os principais mármore de España en relación coa súa utilización e a súa aplicación	• LC.2 - LC2-Informe sobre as estadísticas mineras dende o 2015 ata agora	S	5
CA1.3 Identificáronse as principais lousas de España en relación coa súa utilización e a súa aplicación	• LC.3 - LC2-Informe sobre as estadísticas mineras dende o 2015 ata agora	S	5
CA1.4 Identificáronse os principais granitos de España en relación coa súa utilización e a súa aplicación	• LC.4 - LC2-Informe sobre as estadísticas mineras dende o 2015 ata agora	S	5
CA1.5 Identificáronse as principais rochas e pedras naturais utilizadas en cantaría	• LC.5 - LC2-Informe sobre as estadísticas mineras dende o 2015 ata agora	N	5

**ANEXO XIII  
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exigibles	Peso cualificación (%)
CA1.6 Descríbense as características e as propiedades comúns da pedra natural	• PE.1 - PE1-Propiedades e usos da pedra natural	S	5
CA1.7 Descríbense as características propias e diferenciais das rochas ou pedras naturais utilizadas en construción	• PE.2 - PE1-Propiedades e usos da pedra natural	S	10
CA1.8 Diferenciáronse os usos de cada tipo de pedra natural	• PE.3 - PE1-Propiedades e usos da pedra natural	S	5
CA1.9 Clasifícanse as pedras naturais de España de maior importancia e aplicación	• LC.6 - LC2-Informe sobre as estadísticas mineras dende o 2015 ata agora	S	5
CA1.10 Identifícanse e clasifícanse as pedras naturais de Galicia	• LC.7 - LC2-Informe sobre as estadísticas mineras dende o 2015 ata agora	S	10
CA1.11 Enumeráronse os principais depósitos de Galicia e do resto de España, con identificación da natureza xeolóxica e mineralóxica, así como as súas características e aplicacións	• LC.8 - LC2-Informe sobre as estadísticas mineras dende o 2015 ata agora	S	5
CA1.12 Identifícanse e describíronse os grupos de pedra utilizadas en cantaría	• PE.4 - PE1-Propiedades e usos da pedra natural	S	5
CA1.13 Caracterízanse os tipos de obras e traballos de cantaría	• PE.5 - PE1-Propiedades e usos da pedra natural	S	10
CA1.14 Realizáronse ensaios sinxelos para avaliar as características e as propiedades da pedra natural	• PE.6 - PE1-Propiedades e usos da pedra natural	S	10
CA1.15 Recoñécense as rochas por observación directa e coa axuda dos resultados de ensaios	• LC.9 - LC1-Manexo de rochas e realización de ensaios de forma correcta.	N	5
<b>TOTAL</b>			<b>100</b>

**4.2.e) Contidos**

Contidos
<p>Clasificación de rochas en ígneas, metamórficas e sedimentarias.</p> <p>A pedra natural en España.</p> <p>Mármores, lousas e granitos: orixe e características; depósitos en Galicia e en España; usos e aplicacións.</p> <p>Grupos de pedras utilizadas en cantaría. Tipos de pedras de cantaría, en laxes e en bloques; arenitas, conglomerados, granitos, cuarcitas, calcarias e xistos.</p> <p>Tipos de obras e traballos de cantaría: estruturais (cantaría, cachotaría, en seco ou ?a óso?, careada, concertada e ordinaria), de cubrición (lousas), ornamentais e auxiliares (bordos, lastros, etc.).</p> <p>Propiedades e características da pedra natural: peso específico aparente e real, porosidade, coeficiente de absorción de auga, resistencia á compresión, á flexión, á cortadura, ao choque, ás xeadas, ao desgaste e aos cambios térmicos, módulo de elasticidade, coeficiente de dilatación, microdureza knoop, resistencia a sulfatos, etc. Resistencia ás agresións ambientais derivadas de contaminacións industriais e urbanas. Análises químicas.</p>

Contidos
Ensaíos en rochas e pedra natural.  Recoñecemento e clasificación de pedra natural por observación directa e a partir de ensaios.  Normalización: normas españolas e europeas; marcaxe CE.

**4.2.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación**

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Clasificación e caracterización de rochas - Clasificaranse e caracterizaranse as rochas en función da súa orixe	<ul style="list-style-type: none"> <li>Búsqueda de información sobre tipos de rochas en función da súa orixe e elaboración de material didáctico adaptado o ciclo medio.</li> <li>Presentación inicial de tipoloxía de rochas e caracterización destas en formato dixital (presentacións, imaxes, vídeos) que sirva como guía das sesións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Observación directa e manipulación de distintos tipos de mostras de rochas existentes no laboratorio do centro e mostras aportadas polas empresas do sector.</li> <li>Realización de ensaios sinxelos para determinar algúns propiedades das rochas tales como dureza, composición metálica...</li> <li>Visita formativa o laboratorio do Clúster do Granito, orientada sobre a tipoloxía de rochas guiada pola xeóloga do centro.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Informes sobre composición mineralóxica, dureza, peso... das distintas mostras de rochas observadas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Material audiovisual</li> <li>Equipos audiovisuais</li> <li>Permiso e colaboración da xeóloga do Clúster do Granito</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>LC.1 - LC1-Manexo de rochas e realización de ensaios de forma correcta.</li> <li>LC.9 - LC1-Manexo de rochas e realización de ensaios de forma correcta.</li> </ul>	3,0
Pedra natural en España e Galicia - Identificaranse as tipoloxías de rocha utilizadas como rocha ornamental, enumerando os principais depósitos de cada unha delas a nivel nacional e autonómico	<ul style="list-style-type: none"> <li>Búsqueda de información sobre as principais tipoloxías de pedra natural en España e Galicia e elaboración de material didáctico adaptado o nivel do ciclo medio.</li> <li>Presentación inicial destacando aspectos principais de cada tipoloxía de pedra natural en formato dixital (presentacións, imaxes, vídeos) que sirva como guía das sesións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Búsqueda de información sobre estadísticas mineras para analizar a evolución do sector.</li> <li>Elaboración de informe sobre as tendencias do sector da rocha ornamental nos últimos 7 anos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Biblioteca de información recopilada</li> <li>Informe de estadística minera actualizado</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Equipos audiovisuais con software de folia de cálculo e conexión a internet</li> <li>Material audiovisual</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>LC.2 - LC2-Informe sobre as estadísticas mineras dende o 2015 ata agora</li> <li>LC.3 - LC2-Informe sobre as estadísticas mineras dende o 2015 ata agora</li> <li>LC.4 - LC2-Informe sobre as estadísticas mineras dende o 2015 ata agora</li> <li>LC.5 - LC2-Informe sobre as estadísticas mineras dende o 2015 ata agora</li> </ul>	8,0

**ANEXO XIII  
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
					<ul style="list-style-type: none"> <li>LC.6 - LC2-Informe sobre as estadísticas mineras dende o 2015 ata agora</li> <li>LC.7 - LC2-Informe sobre as estadísticas mineras dende o 2015 ata agora</li> <li>LC.8 - LC2-Informe sobre as estadísticas mineras dende o 2015 ata agora</li> </ul>	
As propiedades que caracterizan as rochas - Describíranse as distintas propiedades que describen os comportamentos das rochas, citando os ensaios cos que se poden determinar os valores desas propiedades.	<ul style="list-style-type: none"> <li>Búsqueda de información sobre as propiedades comúns e diferenciais dos distintos tipos de pedra natural e elaboración de material didáctico adaptado o nivel do ciclo.</li> <li>Presentación inicial das propiedades comúns e diferenciais dos distintos tipos de pedra natural en formato dixital (presentacións, imaxes, vídeos) que sirva como guía das sesións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Elaboración de mapa conceptual das distintas propiedades e ensaios que caracterizan unha rocha.</li> <li>Visita formativa o laboratorio do Clúster do Granito, orientada sobre os distintos ensaios de normalización para obter os certificados de calidade guiada pola xeóloga do centro.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Mapa conceptual de propiedades xunto con ensaios ordeados por tipoloxía</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Material audiovisual</li> <li>Equipos audiovisuais</li> <li>Permiso e colaboración da xeóloga do Clúster do Granito</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>PE.1 - PE1-Propiedades e usos da pedra natural</li> <li>PE.2 - PE1-Propiedades e usos da pedra natural</li> <li>PE.6 - PE1-Propiedades e usos da pedra natural</li> </ul>	7,0
Usos da pedra natural - Describíranse os usos de cada tipo de pedra natural	<ul style="list-style-type: none"> <li>Búsqueda de información sobre os usos de cada rocha, os tipos de pedra natural usados en cantería e os tipos de traballos que abarca a cantería e elaboración de material didáctico adaptado o nivel do ciclo.</li> <li>Presentación inicial de usos de cada rocha, os tipos de pedra natural usados en cantería e os tipos de traballos que abarca a cantería en formato dixital (presentacións, imaxes, vídeos) que sirva como guía das sesións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Búsqueda de información sobre unha obra característica sobre algunha das tipoloxías de rocha ornamental principal, e preparación de presentación da mesma para expoñer diante dos compañeiros.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Presentación sobre usos da pedra natural en obras de construción.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Material audiovisual</li> <li>Equipos audiovisuais con proyector</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>PE.3 - PE1-Propiedades e usos da pedra natural</li> <li>PE.4 - PE1-Propiedades e usos da pedra natural</li> <li>PE.5 - PE1-Propiedades e usos da pedra natural</li> </ul>	4,0

<b>TOTAL</b>	<b>22,0</b>
--------------	-------------

**4.3.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
3	Técnicas de extracción de pedra natural	22

**4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Caracteriza e aplica as técnicas de extracción de pedra natural, tendo en conta a relación entre a maquinaria de corte e perforación e o arranque ou a voadura de bloques de pedra natural	SI

**4.3.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica**

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Diferenciar explotacións a ceo aberto da minería subteránea. 1.2 Identificar e describir os factores que afectan as explotacións de pedra natural e as técnicas de extracción empregadas.	1	Tipos e factores que afectan as explotacións de pedra natural	5,0
2.1 Describir as distintas metodoloxías de explotación 2.2 Enumerar as fases do ciclo de produción en canteira 2.3 Sinalar as particularidades de arranque do material estéril	2	Metodoloxías de explotación e secuencia do ciclo de produción	5,0
	3	Direccións de corte e maquinaria para extracción	9,0

**ANEXO XIII  
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
3.1 Identificar direccións de corte e planos de despegamento.			
3.2 Definir ubicación e direccións dos barrenos para o corte e arranque de bloques.			
3.3 Describir maquinaria y medios de perforación, corte y volcado de bloques en bancada.			
4.1 Identificar bloques utilizables			
4.2 Coñecer requisitos acmplir no transporte de bloques	4	Selección de bloques, transporte e normas de prevención	3,0
4.3 Coñecer normas de prevención de riscos laborais en canteiras e de protección ambiental nos traballos de extracción de pedra natural.			
<b>TOTAL</b>			<b>22</b>

**4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA2.1 Caracterizáronse os factores que afectan as explotacións de pedra natural, en relación coas técnicas de extracción	• LC.1 - LC3-Factores que afectan as explotacións	S	10
CA2.2 Caracterizáronse e diferenciáronse as explotacións a ceo aberto e a minaría subterránea	• PE.1 - PE2-Explotacións e técnicas de arranque	N	5
CA2.3 Describiuse a metodoloxía de explotación: retirada do material estéril sobre a rocha e do material meteorizado ou alterado por outras razóns	• PE.2 - PE2-Explotacións e técnicas de arranque	S	10
CA2.4 Estableceuse a secuencia da metodoloxía de explotación de pedra natural	• PE.3 - PE2-Explotacións e técnicas de arranque	S	10
CA2.5 Marcáronse os planos de corte sobre a masa de pedra, recoñecendo as diáclases e os planos de despegamento da pedra natural	• LC.2 - LC4-Planos de corte e direccións de perforacións	S	10
CA2.6 Fíxose a implantación da situación, a dirección e a inclinación de barrenos para o paso do fio diamantado	• LC.3 - LC4-Planos de corte e direccións de perforacións	S	10
CA2.7 Preparouse a maquinaria e os medios de extracción de pedra natural	• PE.4 - PE3-Maquinaria para extracción, transporte e normas ambientais e de seguridade	S	25
CA2.8 Seleccionáronse os bloques ou rachóns que se vaian utilizar e colaborouse no transporte	• PE.5 - PE3-Maquinaria para extracción, transporte e normas ambientais e de seguridade	N	5



Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA2.9 Aplicáronse as normas de prevención de riscos laborais e de protección ambiental nos traballos de extracción de pedra natural	<ul style="list-style-type: none"> <li>PE.6 - PE3-Maquinaria para extracción, transporte e normas ambientais e de seguridade</li> </ul>	S	15
<b>TOTAL</b>			<b>100</b>

#### 4.3.e) Contidos

Contidos
<p>Factores que afectan as explotacións de pedra natural.</p> <p>Tipos de canteiras: a ceo aberto (de foso aberto, en chanzos, etc.) e subterráneas.</p> <p>Proceso de explotación de canteiras de pedra natural. Técnicas de arranque.</p> <p>Metodoloxía de explotación de pedra natural.</p> <p>Planos de corte. Recoñecemento de diáclases. Planos de despegamento.</p> <p>Barrenos para o paso do fío diamantado. Implantación da posición, a dirección e a inclinación.</p> <p>Maquinaria de extracción de pedra natural. Medios necesarios e equipamentos en cada método. Vantaxes e desvantaxes de cada método. Preparación da maquinaria.</p> <p>Selección do bloque. Transporte de bloques.</p> <p>Normas de prevención de riscos laborais e de protección ambiental na extracción de pedra natural.</p>

**4.3.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación**

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Tipos e factores que afectan as explotacións de pedra natural - Diferenciaranse os tipos de explotacións e caracterizaranse os factores que afectan a estas	<ul style="list-style-type: none"> <li>Búsqueda de información sobre tipoloxía de canteiras e factores que afectan na explotación destas e elaboración de material didáctico adaptado o nivel do ciclo.</li> <li>Presentación inicial de tipoloxías de canteiras e factores que afectan na explotación destas a desenvolver nesta actividade en formato dixital (presentacións, imaxes, vídeos) que sirva como guía das sesións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Resolución de cuestionarios sobre tipoloxías de canteiras e factores que afectan na explotación destas.</li> <li>Deseño de canteira en software de deseño en 3D a partir de parámetros xeométricos dados.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Cuestionarios resoltos</li> <li>Modelo 3D de canteira partindo de datos xeométricos dados</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Material audiovisual</li> <li>Equipos audiovisuais con software de deseño en 3D</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>LC.1 - LC3-Factores que afectan as explotacións</li> <li>PE.1 - PE2-Explotacións e técnicas de arranque</li> </ul>	5,0
Metodoloxías de explotación e secuencia do ciclo de produción - Describírase a metodoloxía de explotación abarcando as distintas fases de produción en canteira	<ul style="list-style-type: none"> <li>Búsqueda de información sobre metodoloxía de explotación e a súa secuencia e elaboración de material didáctico adaptado o nivel do ciclo.</li> <li>Presentación inicial de metodoloxías de explotación de canteiras e a súa secuencia en formato dixital (presentacións, imaxes, vídeos) que sirva como guía das sesións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Resolución de cuestionarios sobre metodoloxías de explotación de canteiras, a secuencia do ciclo de produción en canteira e as particularidades do material estéril.</li> <li>Elaboración de informe aplicando coñecementos vistos na aula sobre a idoneidade de explotación dun perfil xeolóxico do terreo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Cuestionarios resoltos</li> <li>Informe de aplicación de coñecementos para resolución de problema real</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Material audiovisual</li> <li>Equipos audiovisuais</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>PE.2 - PE2-Explotacións e técnicas de arranque</li> <li>PE.3 - PE2-Explotacións e técnicas de arranque</li> </ul>	5,0
Direccións de corte e maquinaria para extracción - Marcaranse os planos de corte e direccións das perforacións. Describírase a maquinaria utilizada para as perforacións, arranque e volcado de bloques	<ul style="list-style-type: none"> <li>Búsqueda de información sobre planos de corte, direccións de perforación e maquinaria usada na extracción e elaboración de material didáctico adaptado o nivel do ciclo.</li> <li>Presentación inicial de planos de corte, direccións de perforación e maquinaria</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Visita formativa a canteira dunha empresa do sector, orientada sobre as direccións da rocha, planos de corte, orientación da canteira e maquinaria utilizada guiada polo enxeñeiro de minas da canteira.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Cuestionarios resoltos</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Material audiovisual</li> <li>Equipos audiovisuais</li> <li>Permiso e colaboración de empresa do sector con canteira propia</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>LC.2 - LC4-Planos de corte e direccións de perforacións</li> <li>LC.3 - LC4-Planos de corte e direccións de perforacións</li> <li>PE.4 - PE3-Maquinaria para extracción, transporte e normas ambientais e de seguridade</li> </ul>	9,0

**ANEXO XIII  
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
	usada na extracción en formato dixital (presentacións, imaxes, vídeos) que sirva como guía das sesións.	<ul style="list-style-type: none"> <li>Resolución de cuestionarios sobre planos de corte, direccións de perforación e maquinaria usada na extracción.</li> </ul>				
Selección de bloques, transporte e normas de prevención - Diferenciar bloques en función da súa calidade, diferenciar planos de corte, coñecer requisitos do transporte de bloques e normas de prevención en traballos en explotacións.	<ul style="list-style-type: none"> <li>Búsqueda de información sobre requisitos de selección e transporte e normas de prevención e ambientais e elaboración de material didáctico adaptado o nivel do ciclo.</li> <li>Presentación inicial de requisitos de selección e transporte e normas de prevención e ambientais en formato dixital (presentacións, imaxes, vídeos) que sirva como guía das sesións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Elaboración de listado de normas de prevención para cada unha das máquinas vistas nesta unidade e que se utilizarán na fase de extracción.</li> <li>Resolución de cuestionarios sobre requisitos de selección e transporte e normas de prevención e ambientais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Listado de normas de prevención para as distintas máquinas que se empregarán na fase de extracción</li> <li>Cuestionarios resoltos</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Material audiovisual</li> <li>Equipos audiovisuais</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>PE.5 - PE3-Maquinaria para extracción, transporte e normas ambientais e de seguridade</li> <li>PE.6 - PE3-Maquinaria para extracción, transporte e normas ambientais e de seguridade</li> </ul>	3,0
<b>TOTAL</b>						<b>22,0</b>

**4.4.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
4	Medios de arranque y corte de bloques	22

**4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Realiza o corte de bloques con técnicas e maquinaria de arranque mecanizado, e describe o proceso en función das características da explotación e da maquinaria	NO

**4.4.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica**

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Comprender a necesidade de red eléctrica e de auga na explotación. 1.2 Coñecer metodoloxía de perforación para o corte con fío. 1.3 Coñecer as metodoloxías para a separación e volcado do bloque	1	Aspectos transversais ao corte dos bloques	9,0
2.1 Programar maquinaria de corte axustando parámetros a natureza da rocha. 2.2 Coñecer a maquinaria de corte e o seu funcionamento. 2.3 Coñecer o mantemento e a tipoloxía de utensilios da maquinaria de corte, seguindo os manuais das maquinarias.	2	Funcionamento de maquinaria para o corte	9,0
3.1 Coñecer e aplicar as medidas de prevención de riscos laborais nos traballos de corte 3.2 Coñecer e aplicar as medidas medioambientais nos traballos de corte	3	Prevención de riscos e impacto ambiental nos traballos de corte	4,0
<b>TOTAL</b>			<b>22</b>

**4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA3.2 Programáronse as máquinas de corte axustando os seus parámetros á natureza da rocha	• LC.1 - LC5-Uso máquinas de corte	S	15
CA3.3 Realizáronse tradeaduras de paso do fío diamantado, logrando a conexión entre eles	• PE.1 - PE4-Proceso de corte e volcado de bloques e prevención	S	10
CA3.4 Instaláronse redes de abastecemento de auga e eléctricas en cada caso	• PE.2 - PE4-Proceso de corte e volcado de bloques e prevención	N	10
CA3.5 Operouse coa maquinaria de corte	• LC.2 - LC5-Uso máquinas de corte	S	15
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Plan de emerxencia - Comprenderase a importancia de ter un protocolo de actuación en caso de emerxencia, e identificarase as técnicas de clasificación de persoas feridas e técnicas básicas de primeiros auxilios, mediante a elaboración dun plan de emerxencia para unha empresa do sector.	<ul style="list-style-type: none"> <li>Elaboración e/ou búsqueda de documentación gráfica en formato vídeo para introducir a materia previo inicio das sesións (aula invertida) relacionado con actuacións de primeiros auxilios.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Visualización de vídeo previo inicio das sesións (aula invertida) relacionado con actuacións de primeiros auxilios.</li> <li>Resolución de cuestionarios relacionado con actuacións de primeiros auxilios.</li> <li>Resolución de exercicios e casos prácticos onde actuacións de primeiros auxilios.</li> <li>Elaborar Plan de emerxencia de unha empresa pequena do sector.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Cuestionarios resoltos</li> <li>Exercicios e casos prácticos resoltos</li> <li>Exemplo de Plan de Emerxencia</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Libro de texto</li> <li>Material audiovisual</li> <li>Equipos audiovisuais</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>PE.1 - PE6-Protocolos de emerxencia e técnicas específicas de primeiros auxilios</li> <li>PE.2 - PE6-Protocolos de emerxencia e técnicas específicas de primeiros auxilios</li> <li>PE.3 - PE6-Protocolos de emerxencia e técnicas específicas de primeiros auxilios</li> <li>PE.4 - PE6-Protocolos de emerxencia e técnicas específicas de primeiros auxilios</li> <li>TO.1 - TO4-Valoración do Plan de Emerxencia e evacuación</li> </ul>	12,0
<b>TOTAL</b>						<b>12,0</b>

**4.6.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
6	Formación en empresa.	0

**4.6.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica**

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
	1	Actividades na empresa.	0,0
<b>TOTAL</b>			<b>0</b>

**4.6.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación**

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Actividades na empresa. - Actividades que se desenvolverán na empresa.						0,0
<b>TOTAL</b>						<b>0,0</b>

**4.7.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
7	A inserción laboral	14

**4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Planifica o seu itinerario profesional seleccionando alternativas de formación e oportunidades de emprego ao longo da vida	SI



**4.7.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica**

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Valorar motivacións, actitudes, competencias e capacidades persoais. 1.2 Aceptar a importancia da formación continua.	1	Marca persoal	3,0
2.1 Identificar os itinerarios formativos e profesionais relacionados co sector. 2.2 Identificar as competencias e capacidades requiridas para a actividade profesional relacionada co título. 2.3 Identificar as fontes de emprego para o perfil de Técnico en Pedra Natural.	2	Perfil profesional do Técnico en Pedra Natural	5,0
3.1 Analizar outros mercados profesionais da Unión Europea. 3.2 Valorar o principio de non discriminación e igualdade de oportunidades. 3.3 Empregar axeitadamente as técnicas e instrumentos de procura de emprego. 3.4 Coñecer a posibilidade de autoemprego no sector.	3	Procura de emprego	6,0
<b>TOTAL</b>			<b>14</b>

**4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA4.1 Valoráronse as propias aspiracións, motivacións, actitudes e capacidades que permitan a toma de decisións profesionais	<ul style="list-style-type: none"> <li>TO.1 - TO5-Capacidaddes propias, formación continua e igualdade de oportunidades</li> </ul>	N	10
CA4.2 Tomouse conciencia da importancia da formación permanente como factor clave para a empregabilidade e a adaptación ás exixencias do proceso produtivo	<ul style="list-style-type: none"> <li>TO.2 - TO5-Capacidaddes propias, formación continua e igualdade de oportunidades</li> </ul>	N	10
CA4.3 Valoráronse as oportunidades de formación e emprego noutros estados da Unión Europea	<ul style="list-style-type: none"> <li>PE.1 - PE7-Tecnico en Pedra Natural, autoemprego, UE</li> </ul>	S	10
CA4.4 Valorouse o principio de non-discriminación e de igualdade de oportunidades no acceso ao emprego e nas condicións de traballo	<ul style="list-style-type: none"> <li>TO.3 - TO5-Capacidaddes propias, formación continua e igualdade de oportunidades</li> </ul>	S	10

**ANEXO XIII  
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exigibles	Peso cualificación (%)
CA4.5 Deseñáronse os itinerarios formativos profesionais relacionados co perfil profesional de técnico en Pedra Natural	• PE.2 - PE7-Tecnico en Pedra Natural, autoemprego, UE	S	15
CA4.6 Determináronse as competencias e as capacidades requiridas para a actividade profesional relacionada co perfil do título, e seleccionouse a formación precisa para as mellorar e permitir unha axeitada inserción laboral	• PE.3 - PE7-Tecnico en Pedra Natural, autoemprego, UE	S	15
CA4.7 Identifícanse as principais fontes de emprego e de inserción laboral para as persoas coa titulación de técnico en Pedra Natural	• PE.4 - PE7-Tecnico en Pedra Natural, autoemprego, UE	S	10
CA4.8 Empregáronse adecuadamente as técnicas e os instrumentos de procura de emprego	• LC.1 - LC2-Búsqueda activa de emprego	S	15
CA4.9 Prevíronse as alternativas de autoemprego nos sectores profesionais relacionados co título	• PE.5 - PE7-Tecnico en Pedra Natural e autoemprego	N	5
<b>TOTAL</b>			<b>100</b>

**4.7.e) Contidos**

Contidos
<p>Coñecemento dos propios intereses e das propias capacidades formativo-profesionais.</p> <p>Importancia da formación permanente para a traxectoria laboral e profesional das persoas coa titulación de técnico en Pedra Natural.</p> <p>Oportunidades de aprendizaxe e emprego en Europa.</p> <p>Itinerarios formativos relacionados coa titulación de técnico en Pedra Natural.</p> <p>Definición e análise do sector profesional do título de técnico en Pedra Natural.</p> <p>Proceso de toma de decisións.</p> <p>Proceso de procura de emprego no sector de actividade.</p> <p>Técnicas e instrumentos de procura de emprego.</p>

**4.7.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación**

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Marca persoal - Valorarase as motivacións, competencias e capacidades dun mesmo	<ul style="list-style-type: none"> <li>Elaboración e/ou búsqueda de documentación gráfica en formato vídeo para introducir a materia previo inicio das sesións (aula invertida) relacionado coa marca e o desenrolo persoal</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Visualización de vídeo previo inicio das sesións (aula invertida) relacionado coa marca e o desenrolo persoal</li> <li>Participación en debate de inicio de actividade sobre a marca e o desenrolo persoal</li> <li>Resolución de exercicios e casos prácticos onde se busque coñecerse mellor e se busque a mellora cñtinua</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Casos prácticos resoltos</li> <li>Opinións formadas en debates</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Libro de texto</li> <li>Material audiovisual</li> <li>Equipos audiovisuais</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>TO.1 - TO5-Capacidades propias, formación continua e igualdade de oportunidades</li> <li>TO.2 - TO5-Capacidades propias, formación continua e igualdade de oportunidades</li> </ul>	3,0
Perfil profesional do Técnico en Pedra Natural - Identificaranse itinerarios (formativo e profesional), competencias e capacidades e fontes de emprego relacionadas co sector da Pedra Natural	<ul style="list-style-type: none"> <li>Elaboración e/ou búsqueda de documentación gráfica en formato vídeo para introducir a materia previo inicio das sesións (aula invertida) relacionado cas competencias e capacidades que debe ter o perfil profesional do Técnico en Pedra Natural</li> <li>Aclaración de dúbida dos conceptos básicos máis relevantes relacionados cas competencias e capacidades que debe ter o perfil profesional do Técnico en Pedra Natural</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Visualización de vídeo previo inicio das sesións (aula invertida) relacionado cas competencias e capacidades que debe ter o perfil profesional do Técnico en Pedra Natural</li> <li>Participación en debate de inicio de actividade sobre as competencias e capacidades que debe ter o perfil profesional do Técnico en Pedra Natural</li> <li>Resolución de cuestionarios relacionado cas competencias e capacidades que debe ter o perfil profesional do Técnico en Pedra Natural</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Cuestionarios resoltos</li> <li>Opinións formadas en debates</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Libro de texto</li> <li>Material audiovisual</li> <li>Equipos audiovisuais</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>PE.2 - PE7-Tecnico en Pedra Natural, autoemprego, UE</li> <li>PE.3 - PE7-Tecnico en Pedra Natural, autoemprego, UE</li> <li>PE.4 - PE7-Tecnico en Pedra Natural, autoemprego, UE</li> </ul>	5,0
Procura de emprego - Analizarase as posibilidades no mercado profesional e usaranse as técnicas e instrumentos existentes para a procura activa de emprego		<ul style="list-style-type: none"> <li>Resolución de cuestionarios relacionado con asuntos relacionados coa procura de emprego</li> <li>Resolución de exercicios e casos prácticos onde se realice unha procura activa de emprego</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Cuestionarios resoltos</li> <li>Exercicios e casos prácticos resoltos</li> <li>Exemplos de curriculum vitae para diversos perfis profesionais</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Libro de texto</li> <li>Equipos audiovisuais</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>LC.1 - LC2-Búsqueda activa de emprego</li> <li>PE.1 - PE7-Tecnico en Pedra Natural, autoemprego, UE</li> <li>PE.5 - PE7-Tecnico en Pedra Natural e autoemprego</li> </ul>	6,0

**ANEXO XIII  
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
		<ul style="list-style-type: none"> <li>Realizaciónn de currículos e adaptalos o perfil profesional.</li> </ul>			<ul style="list-style-type: none"> <li>TO.3 - TO5-Capacidades propias, formación continua e igualdade de oportunidades</li> </ul>	
<b>TOTAL</b>						<b>14,0</b>

**4.8.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
8	Os equipos de traballo	10

**4.8.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Participa responsablemente en equipos de traballo eficientes que contribúan á consecución dos obxectivos da organización	SI

**4.8.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica**

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Detectar as características do equipo de traballo eficaz, e as vantaxas deste fronte o traballo individual 1.2 Establecer as características que deben cumprir os membros do grupo para o correcto funcionamento deste 1.3 Empregar as distintas técnicas de comunicación e procesos de resolución de conflitos 1.4 Comparar os obxectivos alcanzados polo equipo cos establecidos inicialmente	1	Os equipos de traballo	10,0
<b>TOTAL</b>			<b>10</b>

**4.8.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA1.1 Identifícanse os equipos de traballo en situacións de traballo relacionadas co perfil de técnico en Pedra Natural e valoráronse as súas vantaxes sobre o traballo individual	• LC.1 - LC3-Grupo de traballo para levar a cabo un proxecto	N	5
CA1.2 Determináronse as características do equipo de traballo eficaz fronte ás dos equipos ineficaces	• LC.2 - LC3-Grupo de traballo para levar a cabo un proxecto	S	10
CA1.3 Adoptáronse responsablemente os papeis asignados para a eficiencia e a eficacia do equipo de traballo	• LC.3 - LC3-Grupo de traballo para levar a cabo un proxecto	S	15
CA1.4 Empregáronse axeitadamente as técnicas de comunicación no equipo de traballo para recibir e transmitir instrucións e coordinar as tarefas	• LC.4 - LC3-Grupo de traballo para levar a cabo un proxecto	S	15
CA1.5 Determináronse procedementos para a resolución dos conflitos identificados no seo do equipo de traballo	• LC.5 - LC3-Grupo de traballo para levar a cabo un proxecto	S	15
CA1.6 Aceptáronse de forma responsable as decisións adoptadas no seo do equipo de traballo	• LC.6 - LC3-Grupo de traballo para levar a cabo un proxecto	S	15
CA1.7 Analizáronse os obxectivos alcanzados polo equipo de traballo en relación cos obxectivos establecidos, e coa participación responsable e activa dos seus membros	• LC.7 - LC3-Grupo de traballo para levar a cabo un proxecto	S	25
<b>TOTAL</b>			<b>100</b>

**4.8.e) Contidos**

Contidos
Diferenciación entre grupo e equipo de traballo.
Valoración das vantaxes e os inconvenientes do traballo de equipo para a eficacia da organización.
Equipos no sector de industrias extractivas segundo as funcións que desempeñen.
Dinámicas de grupo.
Equipos de traballo eficaces e eficientes.
Participación no equipo de traballo: desempeño de papeis, comunicación e responsabilidade.
Conflito: características, tipos, causas e etapas.
Técnicas para a resolución ou a superación do conflito.

**4.8.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación**

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Os equipos de traballo - Analizáranse as vantaxes dos equipos de traballo e as condicións que se deben cumprir para o bo funcionamento do equipo, empregáranse as distintas técnicas e procedementos de comunicación e resolución de conflitos e finalmente evaluaráranse os obxectivos acadados.	<ul style="list-style-type: none"> <li>Elaboración e/ou búsqueda de documentación gráfica en formato vídeo para introducir a materia previo inicio das sesións (aula invertida) relacionado cos equipos de traballo</li> <li>Preparar un proxecto relacionado co ciclo formativo que se deba realizar en grupo, onde cada alumno debe asumir un rol, facendo aparecer conflitos durante o proxecto</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Visualización de vídeo previo inicio das sesións (aula invertida) relacionado cos equipos de traballo</li> <li>Participación en debate de inicio de actividade sobre os equipos de traballo e a resolución de conflitos</li> <li>Realizar o proxecto en equipo, cunha boa comunicación e resolvendo os conflitos que aparezan</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Opinións formadas en debates</li> <li>Proxecto realizado en equipo</li> <li>Técnicas de resolución de conflitos aplicadas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Libro de texto</li> <li>Material audiovisual</li> <li>Equipos audiovisuais</li> <li>Aula para traballar en equipo</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>LC.1 - LC3-Grupo de traballo para levar a cabo un proxecto</li> <li>LC.2 - LC3-Grupo de traballo para levar a cabo un proxecto</li> <li>LC.3 - LC3-Grupo de traballo para levar a cabo un proxecto</li> <li>LC.4 - LC3-Grupo de traballo para levar a cabo un proxecto</li> <li>LC.5 - LC3-Grupo de traballo para levar a cabo un proxecto</li> <li>LC.6 - LC3-Grupo de traballo para levar a cabo un proxecto</li> <li>LC.7 - LC3-Grupo de traballo para levar a cabo un proxecto</li> </ul>	10,0
<b>TOTAL</b>						<b>10,0</b>

**4.9.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
9	A relación laboral individual	32

**4.9.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Identifica os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e recoñéceos en diferentes situacións de traballo	NO

**4.9.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica**

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Identificar ámbito de aplicación, fontes e principios de aplicación do dereito laboral	1	Dereito laboral	8,0
1.2 Distinguir os organismos que interveñen nas relacións laborais			
1.3 Describir os dereitos e obrigas que se recollen na normativa laboral			
2.1 Identificar os elementos esenciais dun contrato de traballo	2	Contrato de traballo	18,0
2.2 Analizar as principais modalidades de contratación			
2.3 Analizar o recibo de salarios identificando os principais elementos			
2.4 Identificar as características dos novos contornos de organización do traballo			
2.5 Identificar causas e efectos da modificación, suspensión e extinción da relación laboral			
3.1 Determinar as condicións de traballo do convenio colectivo do Ciclo	3	Condicións de traballo	6,0
3.2 Valorar medidas de conciliación e igualdade			
<b>TOTAL</b>			<b>32</b>

**4.9.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA2.1 Identifícanse o ámbito de aplicación, as fontes e os principios de aplicación do dereito do traballo	• PE.1 - PE8-Dereito laboral e contrato de traballo	S	10
CA2.2 Distingúronse os principais organismos que interveñen nas relacións laborais	• PE.2 - PE8-Dereito laboral e contrato de traballo	S	10
CA2.3 Identifícanse os elementos esenciais dun contrato de traballo	• PE.3 - PE8-Dereito laboral e contrato de traballo	S	10

**ANEXO XIII  
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

Cráterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA2.4 Analizáronse as principais modalidades de contratación e identificáronse as medidas de fomento da contratación para determinados colectivos	• LC.1 - LC4-Modalidade de contrato e recibo de salarios	S	10
CA2.5 Valoráronse os dereitos e as obrigas que se recollen na normativa laboral	• PE.4 - PE8-Dereito laboral e contrato de traballo	S	10
CA2.6 Determináronse as condicións de traballo pactadas no convenio colectivo aplicable ou, en ausencia deste, as condicións habituais no sector profesional relacionado co título de técnico en Pedra Natural	• PE.5 - PE8-Dereito laboral e contrato de traballo	S	10
CA2.7 Valoráronse as medidas establecidas pola lexislación para a conciliación da vida laboral e familiar, e para a igualdade efectiva entre homes e mulleres	• PE.6 - PE8-Dereito laboral e contrato de traballo	S	10
CA2.8 Analizouse o recibo de salarios e identificáronse os principais elementos que o integran	• LC.2 - LC4-Modalidade de contrato e recibo de salarios	S	10
CA2.9 Identificáronse as causas e os efectos da modificación, a suspensión e a extinción da relación laboral	• PE.7 - PE8-Dereito laboral e contrato de traballo	S	10
CA2.12 Identificáronse as características definitorias dos novos contornos de organización do traballo	• PE.8 - PE8-Dereito laboral e contrato de traballo	S	10
<b>TOTAL</b>			<b>100</b>

**4.9.e) Contidos**

Contidos
<p>Dereito do traballo.</p> <p>Novos contornos de organización do traballo.</p> <p>Organismos públicos (administrativos e xudiciais) que interveñen nas relacións laborais.</p> <p>Análise da relación laboral individual.</p> <p>Dereitos e deberes derivados da relación laboral.</p> <p>Análise dun convenio colectivo aplicable ao ámbito profesional da titulación de técnico en Pedra Natural.</p> <p>Modalidades de contrato de traballo e medidas de fomento da contratación.</p> <p>Análise das principais condicións de traballo: clasificación e promoción profesional, tempo de traballo, retribución, etc.</p> <p>Modificación, suspensión e extinción do contrato de traballo.</p>



**4.9.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación**

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Dereito laboral - Trataranse tódolos aspectos relacionados co dereito laboral: ámbito de aplicación, dereitos e deberes...	<ul style="list-style-type: none"> <li>Elaboración e/ou búsqueda de documentación gráfica en formato vídeo para introducir a materia previo inicio das sesións (aula invertida) relacionado co dereito laboral</li> <li>Aclaración de dúbida dos conceptos básicos máis relevantes relacionados co dereito laboral</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Visualización de vídeo previo inicio das sesións (aula invertida) relacionado co dereito laboral</li> <li>Participación en debate de inicio de actividade sobre dereito laboral</li> <li>Resolución de cuestionarios relacionado co dereito laboral</li> <li>Resolución de exercicios e casos prácticos onde se plantexen cuestións sobre o dereito laboral</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Cuestionarios resoltos</li> <li>Exercicios e casos prácticos resoltos</li> <li>Opinións formadas en debates</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Libro de texto</li> <li>Material audiovisual</li> <li>Equipos audiovisuais</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>PE.1 - PE8-Dereito laboral e contrato de traballo</li> <li>PE.2 - PE8-Dereito laboral e contrato de traballo</li> <li>PE.4 - PE8-Dereito laboral e contrato de traballo</li> </ul>	8,0
Contrato de traballo - Distinguiranse os distintos aspectos importantes do contrato de traballo	<ul style="list-style-type: none"> <li>Elaboración e/ou búsqueda de documentación gráfica en formato vídeo para introducir a materia previo inicio das sesións (aula invertida) relacionado co contrato de traballo</li> <li>Aclaración de dúbida dos conceptos básicos máis relevantes relacionados co contrato de traballo</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Visualización de vídeo previo inicio das sesións (aula invertida) relacionado co contrato de traballo</li> <li>Participación en debate de inicio de actividade sobre o contrato de traballo</li> <li>Resolución de cuestionarios relacionado co contrato de traballo</li> <li>Resolución de exercicios e casos prácticos onde se analicen distintos tipos de contratos de traballo</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Cuestionarios resoltos</li> <li>Exercicios e casos prácticos resoltos</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Libro de texto</li> <li>Material audiovisual</li> <li>Equipos audiovisuais</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>LC.1 - LC4-Modalidade de contrato e recibo de salarios</li> <li>LC.2 - LC4-Modalidade de contrato e recibo de salarios</li> <li>PE.3 - PE8-Dereito laboral e contrato de traballo</li> <li>PE.7 - PE8-Dereito laboral e contrato de traballo</li> <li>PE.8 - PE8-Dereito laboral e contrato de traballo</li> </ul>	18,0
Condicións de traballo - Especificaranse aspectos das condicións laborais, relacionados tamén co convenio colectivo	<ul style="list-style-type: none"> <li>Elaboración e/ou búsqueda de documentación gráfica en formato vídeo para introducir a materia previo inicio das sesións (aula invertida) relacionado coas condicións de traballo no convenio colectivo específico do ciclo</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Visualización de vídeo previo inicio das sesións (aula invertida) relacionado coas condicións de traballo no convenio colectivo específico do ciclo</li> <li>Resolución de cuestionarios relacionado coas condicións de traballo no convenio colectivo específico do ciclo</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Cuestionarios resoltos</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Libro de texto</li> <li>Material audiovisual</li> <li>Equipos audiovisuais</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>PE.5 - PE8-Dereito laboral e contrato de traballo</li> <li>PE.6 - PE8-Dereito laboral e contrato de traballo</li> </ul>	6,0

<b>TOTAL</b>	<b>32,0</b>
--------------	-------------

**4.10.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
10	As relacións colectivas	6

**4.10.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Identifica os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e recoñéceos en diferentes situacións de traballo	NO

**4.10.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica**

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Identificar os órganos de representación dos traballadores	1	Relacións laborais colectivas	6,0
1.2 Analizar os conflitos colectivos na empresa			
<b>TOTAL</b>			<b>6</b>

**4.10.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA2.10 Identificáronse os órganos de representación das persoas traballadoras na empresa	<ul style="list-style-type: none"> <li>PE.1 - PE9-Relacións colectivas e conflitos na empresa</li> </ul>	S	50
CA2.11 Analizáronse os conflitos colectivos na empresa e os procedementos de solución	<ul style="list-style-type: none"> <li>PE.2 - PE9-Relacións colectivas e conflitos na empresa</li> </ul>	S	50
<b>TOTAL</b>			<b>100</b>

**4.10.e) Contidos**

Contidos
0Representación das persoas traballadoras na empresa.  Conflitos colectivos.  Sindicatos e asociacións empresariais.

**4.10.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación**

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Relacións laborais colectivas - Estudiaranse as relacións laborais colectivas e os conflitos que poden xurdir	<ul style="list-style-type: none"> <li>Elaboración e/ou búsqueda de documentación gráfica en formato vídeo para introducir a materia previo inicio das sesións (aula invertida) relacionado coas relacións laborais colectivas e os conflitos na empresa.</li> <li>Aclaración de dúbida dos conceptos básicos máis relevantes relacionados relacións laborais colectivas e os conflitos na empresa.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Visualización de vídeo previo inicio das sesións (aula invertida) relacionado coas relacións laborais colectivas e os conflitos na empresa.</li> <li>Participación en debate de inicio de actividade sobre relacións laborais colectivas e os conflitos na empresa.</li> <li>Resolución de cuestionarios relacionado con relacións laborais colectivas e os</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Cuestionarios resoltos</li> <li>Exercicios e casos prácticos resoltos</li> <li>Opinións formadas en debates</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Libro de texto</li> <li>Material audiovisual</li> <li>Equipos audiovisuais</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>PE.1 - PE9-Relacións colectivas e conflitos na empresa</li> <li>PE.2 - PE9-Relacións colectivas e conflitos na empresa</li> </ul>	6,0

**ANEXO XIII  
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
		conflitos na empresa.  • Resolución de exercicios e casos prácticos onde se traten as relacións laborais colectivas e os conflitos na empresa.				
<b>TOTAL</b>						<b>6,0</b>

**4.11.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
11	A Seguridade Social	12

**4.11.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Determina a acción protectora do sistema da seguridade social ante as contingencias cubertas, e identifica as clases de prestacións	SI

**4.11.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica**

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Recoñecer a importancia da Seguridade Social	1	Seguridade Social e bases de cotización	6,0
1.2 Comprender o funcionamento da estrutura da Seguridade Social			
1.3 Identificar as bases de cotización dos traballadores			
2.1 Describir as principais prestacións contributivas e prestacións por desemprego	2	Cálculos de prestacións contributivas e desemprego	6,0
2.2 Calcular duración e contías de prestacións contributivas e as prestacións por desemprego			

<b>TOTAL</b>	<b>12</b>
--------------	-----------

**4.11.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA3.1 Valorouse o papel da seguridade social como pilar esencial do estado social e para a mellora da calidade de vida da cidadanía	• PE.1 - PE10-Seguridade Social	N	10
CA3.2 Delimitouse o funcionamento e a estrutura do sistema de seguridade social	• PE.2 - PE10-Seguridade Social	S	15
CA3.3 Identificáronse, nun suposto sinxelo, as bases de cotización dunha persoa traballadora e as cotas correspondentes a ela e á empresa	• PE.3 - PE10-Seguridade Social	S	25
CA3.4 Determináronse as principais prestacións contributivas de seguridade social, os seus requisitos e a súa duración, e realizouse o cálculo da súa contía nalgúns supostos prácticos	• PE.4 - PE10-Seguridade Social	S	25
CA3.5 Determináronse as posibles situacións legais de desemprego en supostos prácticos sinxelos, e realizouse o cálculo da duración e da contía dunha prestación por desemprego de nivel contributivo básico	• PE.5 - PE10-Seguridade Social	S	25
<b>TOTAL</b>			<b>100</b>

**4.11.e) Contidos**

Contidos
A seguridade social como pilar do estado social.
Estrutura do sistema de seguridade social.
Determinación das principais obrigas das persoas empresarias e das traballadoras en materia de seguridade social.
Protección por desemprego.
Prestacións contributivas da seguridade social.

**4.11.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación**

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Seguridade Social e bases de cotización - Estudiarase a importancia da Seguridade Social, o seu funcionamento e as bases de cotización dos trabaladores	<ul style="list-style-type: none"> <li>Elaboración e/ou búsqueda de documentación gráfica en formato vídeo para introducir a materia previo inicio das sesións (aula invertida) relacionado coa Seguridade Social</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Visualización de vídeo previo inicio das sesións (aula invertida) relacionado coa Seguridade Social</li> <li>Participación en debate de inicio de actividade sobre a Seguridade Social</li> <li>Resolución de cuestionarios relacionado con Seguridade Social</li> <li>Resolución de exercicios e casos prácticos onde se calculen as bases de cotización dos trabaladores</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Cuestionarios resoltos</li> <li>Opinións formadas en debates</li> <li>Exercicios e casos prácticos resoltos</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Libro de texto</li> <li>Material audiovisual</li> <li>Equipos audiovisuais</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>PE.1 - PE10-Seguridade Social</li> <li>PE.2 - PE10-Seguridade Social</li> <li>PE.3 - PE10-Seguridade Social</li> </ul>	6,0
Cálculos de prestacións contributivas e desemprego - Determinaranse as principais prestacións contributivas e as posibles situacións de desemprego, realizando os cálculos en casos sinxelos		<ul style="list-style-type: none"> <li>Resolución de cuestionarios relacionado coas prestacións contributivas e por desemprego</li> <li>Resolución de exercicios e casos prácticos onde se calculen prestacións contributivas e por desemprego</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Cuestionarios resoltos</li> <li>Exercicios e casos prácticos resoltos</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Libro de texto</li> <li>Material audiovisual</li> <li>Equipos audiovisuais</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>PE.4 - PE10-Seguridade Social</li> <li>PE.5 - PE10-Seguridade Social</li> </ul>	6,0
<b>TOTAL</b>						<b>12,0</b>

**5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación**
**- MINIMOS EXIXIBLES:**

Os mínimos exixibles a acadar polo alumnado para a superación do módulo, serán os indicados como tal en cada unha das unidades didácticas.

**- CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:**
**- PROBAS ESCRITAS:**

Realizarase polo menos unha en cada avaliación. Nestas probas poderanse presentar cuestións tipo test e/ou supostos prácticos e/ou preguntas curtas. Nas preguntas tipo test só se presentará unha resposta correcta entre as posibles, o/a alumno/a poderá contestar ou deixar en branco, as respostas en branco non puntuán, as respostas erradas restan en proporción tres erradas unha correcta. Na resolución dos supostos prácticos e preguntas curtas o alumno/a deberá demostrar que é coñecedor da teoría aplicable así como dos procedementos para resolver a situación que se presenta. En cada proba, que puntúa sobre 10, indícarase o valor de cada cuestión.

A media das probas realizadas no trimestre suporá o 60 % da nota de avaliación trimestral.

- ACTIVIDADES DE AULA:

Realizarase como mínimo un traballo individual por trimestre:

Os contidos, características e criterios de corrección de cada un dos traballos serán proporcionados previamente á súa realización.

Valorarase non só o resultado obtido, tamén se terá en conta o procedemento, forma correcta de presentación, prazo, nivel de adecuación, fontes consultadas, termos utilizados, ortografía e redacción, orde e limpeza na presentación de exercicios .

As notas obtidas en cada un destes traballos, xunto coa valoración das outras tarefas e actividades de aula que se realicen, suporá o 40 % da nota de avaliación trimestral.

Cada avaliación trimestral considerárase aprobada cando se obteña unha puntuación global igual ou superior a 5.

A cualificación final do módulo será o resultado da media das cualificacións dos tres trimestres.

No caso de que o resultado sexa decimal, o redondeo cara arriba ou cara abaixo será, segundo o criterio do profesor, en base do esforzo observado no/a alumno/a ó longo do curso.

## 6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

### 6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

#### RECUPERACIÓN DA 1ª AVALIACIÓN:

Os alumnos que suspendan a primeira avaliación, como consecuencia dun resultado negativo nas probas escritas, traballos ou actividades, terán dereito a unha recuperación da mesma á volta das vacacións de nadal, na data establecida polo docente.

As actividades de recuperación serán unha proba escrita, un traballo ou actividades similares ás realizadas con anterioridade e os criterios de cualificación, os establecidos no epígrafe 5. Nas probas de recuperación o alumno verá limitada a súa cualificación a un máximo de 5.

#### RECUPERACION PREVIA A 3ª AVALIACIÓN:

Os alumnos e alumnas co módulo suspenso terán que realizar unha proba obxectiva en setembro, sobre a totalidade dos contidos do módulo. Esta recuperación deberá ser comunicada aos alumnos implicados no proceso coa antelación suficiente á súa celebración, ben sexa dun xeito verbal na aula ou con notificacións nos taboleiros de anuncios para o público coñecemento por parte dos mesmos. Esta proba consistirá na resolución dunha serie de cuestións tipo test, e/ou de varios supostos prácticos sobre o temario do curso. Os criterios de cualificación e corrección serán os recollidos no epígrafe 5: Nas preguntas tipo test só se presentará unha resposta correcta entre as posibles, o alumno/a poderá contestar ou deixar en branco, as respostas en branco non puntuán, tres respostas erradas restan unha correcta. Na resolución dos supostos prácticos o alumno/a deberá demostrar que é coñecedor da teoría aplicable e dos procedementos para resolver a situación que se presenta. Na proba, que puntúa sobre 10, indícarase o valor de cada cuestión.



O módulo darase por aprobado se o alumno/a obtén unha puntuación igual ou maior que 5 na proba.

#### 6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Non se contempla unha proba de avaliación extraordinaria, por ser FP dual, sen perda de avaliación continua.

#### 7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Comprende a avaliación da propia programación que é susceptible de adaptacións sempre que as circunstancias o requiran e da actuación do profesor. Implica por parte do profesor un proceso de reflexión para valorar, en función dos logros alcanzados, a idoneidade da súa programación e o seu sistema de ensinanza, co fin de introducir medidas de mellora no proceso.

Cando finalice cada unidade didáctica o profesor recollerá nun arquivo as modificacións ou observacións da adecuación entre o planificado e o realmente levado a cabo (tipo de actividade ensino-aprendizaxe, tempo).

Trimestralmente analizarase o desenvolvemento da programación en relación aos resultados obtidos polos alumnos.

Ao finalizar o mes de xuño farase unha memoria final do desenvolvemento da programación, na que consten as posibles modificación para o seguinte curso.

Os principais indicadores do grao do cumprimento da programación serán:

- O grao de cumprimento da temporalización.
- O logro dos obxectivos programados.
- Os resultados académicos acadados.
- Metodoloxía empregada.

#### 8. Medidas de atención á diversidade

##### 8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Realizarase unha avaliación inicial o primeiro período lectivo do curso, co obxecto de valorar o estado inicial dos alumnos e alumnas para poder ir tomando decisións relativas ao desenvolvemento do módulo. Consistirá en preguntas orientadas a indagar sobre o interese e coñecementos previos que teñen sobre os contidos básicos do módulo.

O docente utilizará cuestionarios, a observación, o diálogo co alumnado, a análise das súas intervencións orais e escritas e o intercambio de impresións con outros profesores/as. Deste xeito, esta avaliación permitirá detectar posibles atrancos, centros de interese e motivacións do alumnado, así como tomar as decisións oportunas para axustar o proceso de ensino-aprendizaxe aos coñecementos previos do alumnado e



adoptar as medidas oportunas de cara á planificación da dinámica da aula.

Así mesmo, en cada unidade didáctica partírase dunha primeira aproximación aos coñecementos previos do alumnado sobre os contidos a tratar na mesma, coa finalidade de detectar calquera dificultade e poder reforzala dende o principio.

### 8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

No suposto de que algún/a alumno/a non responda globalmente, reunirase o equipo docente do ciclo formativo, e de forma coordinada adoptaranse as medidas oportunas.

Estas medidas poden consistir con carácter xeral en:

- Propoñer diversas actividades diferenciadas en grao de dificultade e complexidade para traballar o mesmo contido, garantindo sempre a adquisición dos mínimos esixibles.
- Para ó alumnado que o precise, repetición individualizada dalgunhas explicacións, adaptación do material para a súa comprensión e reforzo dos logros como elementos de motivación.
- Adaptación aos ritmos e tempos tanto do grupo como individuais, axustando a temporalización das unidades de traballo.
- Cando o profesor considere necesario poderá ampliar o prazo de realización e entrega de tarefas para o alumnado que presenten dificultades.
- Ter en conta os intereses do alumnado sen perder de vista a funcionalidade das aprendizaxes.
- Crear un ambiente de traballo cooperativo e de axuda mutua.

## 9. Aspectos transversais

### 9.a) Programación da educación en valores

O longo do curso neste módulo atenderase, polos seus propios contidos, ao desenvolvemento de aspectos relacionados coa educación en valores.

Polo tanto, os temas transversais teñen como finalidade contribuir a desenvolver nos alumnos as capacidades necesarias para inserirse como cidadáns, de modo activo e crítico, na sociedade na que viven

Dentro da dinámica xeral do proceso de ensino e aprendizaxe traballaranse os seguintes contidos relacionados coa educación en valores:

- A responsabilidade social e individual.
- A igualdade de dereitos e oportunidades entre os sexos, o rexeitamento a todo tipo de discriminacións.
- A diversidade como un valor enriquecedor: no respecto ás ideas, opinións e ideoloxías dos compañeiros/as, a valoración das achegas dos compañeiros/as e o traballo en equipos, fomentando hábitos de comportamento democrático.
- Educación para a saúde e a educación ambiental, especialmente dentro do tema da responsabilidade social e a hora de coñecer e aplicar as medidas de protección e prevención de riscos no ámbito laboral.

### 9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Na medida do posible complementarase as clases con actividades como as seguintes:

- Visitas a empresas do sector produtivo.
- Charlas de expertos nos temas que se trate.
- Visita á oficina do Servizo Galego de Colocación.
- Taller práctico de primeiros auxilios.
- Participación en actividades ofertadas polo Concello.
- Colaboración en aquelas actividades programadas en outros módulos.
- Colaboración con Departamento de Orientación.

### 10. Outros apartados

#### 10.1) Secuencia

O inicio de curso, explicarase ó alumnado en que consiste o módulo, as unidades didácticas que se tratarán, os criterios de avaliación así como a metodoloxía para levar a cabo a mesma.

Remitirase o alumnado á aula virtual do centro para que poidan consultar a programación completa (versión do alumnado) aquelas persoas que o desexen.

A continuación indícanse as actuacións en caso de formación non presencial:

- Formación semi-presencial:

Combinarase a impartición dos contidos de maneira telemática, para o cal o alumnado que quede no domicilio debe seguir as clases e acceder ó material e actividades a través de diferentes medios (correo electrónico e/ou moodle e/ou abalar e/ou G Suite e/ou Webex e/ou outros); Xunto co aproveitamento de clases presenciais para a corrección de exercicios e aclaración de dúbidas así como a realización das probas escritas, estando estas últimas programadas e datadas, incluso organizadas por quendas segundo as circunstancias o requiren. A asistencia ás clases virtuais é obrigatoria e está prohibido gravar as sesións.

Manteranse os mínimos exixibles máis os criterios de cualificación indicados na programación para a formación presencial (indicado ó longo desta programación).

- En caso de formación a distancia:

A impartición dos contidos será de maneira telemática, para o cal o alumnado debe seguir as clases e acceder o material, actividades e probas a través de diferentes medios (correo electrónico e/ou moodle e/ou abalar e/ou G Suite e/ou Webex e/ou outros).

Todo o alumnado debe asistir ás clases virtuais na hora de clase e a través da plataforma elexida polo centro; De non cumprirse, terá a consideración de falta de asistencia e indicarse como tal no programa Xade.

Non está permitida a gravación das sesións, sendo causa de apertura de expediente disciplinario ás persoas involucradas. Puntualizar que o mesmo acontece ca gravación das clases presenciais.

Manteranse os mínimos exixibles máis os criterios de cualificación indicados na programación para a formación presencial (indicado ó longo desta programación).

**1. Identificación da programación**
**Centro educativo**

Código	Centro	Concello	Ano académico
36019529	Ribeira do Louro	Porriño (O)	2023/2024

**Ciclo formativo**

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
IEX	Industrias extractivas	CMIEX01	Pedra natural	Ciclos formativos de grao medio	Réxime de adultos

**Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)**

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0898	Empresa e iniciativa emprendedora	2023/2024	3	53	63

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

**Profesorado responsable**

Profesorado asignado ao módulo	MARÍA DEL CARMEN SÁNCHEZ ÁLVAREZ, MARTA LÓPEZ VILA (Subst.)
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

## 2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Proxecto de FP dual coa empresa XXXXXXXXXXXX, no que se combinarán os procesos de ensino e aprendizaxe na empresa e no centro formativo.

O perfil profesional do título de técnico en pedra natural determínase pola súa competencia xeral, polas súas competencias profesionais, persoais e sociais, así como pola relación de cualificacións e, de ser o caso, unidades de competencia do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais incluídas no título.

A competencia xeral de este título consiste en extraer e elaborar pedra natural según as técnicas e procesos establecidos, así como en colocala e restaurala, manexando y mantendo ferramentas e maquinaria, e cumprindo cas especificacións de calidade, seguridade laboral e protección ambiental.

As competencias profesionais, persoais e sociais deste título son as que se relacionan:

- a) Arrancar y conformar bloques de pedra natural, utilizando técnicas y maquinaria de extracción.
- b) Recepcionar o bloque ou materia prima, empregando e manexando a maquinaria adecuada para o seu traslado e ubicación.
- c) Cortar pedra natural, manexando a maquinaria e ferramentas adecuadas e clasificando o material obtido.
